



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Martes, 14 de xullo de 2009
Taxa 0,94 € (IVE incluído)

SUMARIO

Páxs.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

— Orde do 8 de xullo de 2009 pola que se dispón o cesamento e nomeamento de membros do Consello Galego de Saúde en representación da Administración sanitaria da Xunta de Galicia.

12.147

Páxs.**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

— Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2009 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Troita que se celebra no concello de Oroso. 12.148

— Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2009 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Polbo que se celebra no concello de Mugardos. 12.148

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

— Resolución do 3 de xullo de 2009 pola que se procede á segunda convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB). 12.148

— Resolución do 3 de xullo de 2009 pola que se procede á segunda convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica. 12.149

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

— Resolución do 3 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso de traslado para a provisión de postos xenéricos vacantes no Instituto de Medicina Legal de Galicia entre funcionarios do corpo de médicos forenses. 12.150

Páxs.**CONSELLERÍA DE FACENDA**

— Resolución do 7 de xullo de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* número 7, do 10 de xaneiro de 2008). 12.151

CONSELLERÍA DE SANIDADE

— Orde do 3 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Hospital da Costa. 12.151

— Orde do 3 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde. 12.152

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

— Corrección de erros.-Resolución do 10 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se lles dá publicidade ás bases para a convocatoria do concurso internacional para a provisión do posto de director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC). 12.154

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

— Resolución do 24 de xuño de 2009, da Xerencia do Hospital do Salnés, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dos postos de supervisores/as das áreas funcionais de Urxencias, e Unidade Ambulatoria e Materno Infantil deste hospital. 12.154

— Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública da provisión dos postos de xefaturas de grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Boiro, Centro de Saúde Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria número 1 -quenda de mañá-, Centro de Saúde Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria número 2 -quenda de tarde-, Centro de Saúde de Ordes e do Centro de Saúde de Ribeira. 12.155

- | | <u>Páxs.</u> |
|--|--------------|
| — Resolución do 3 de xullo de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal de xestión e servizos (xefatura de sección e xefatura de grupo). | 12.156 |
| — Resolución do 8 de xullo de 2009, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se modifica a Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario. | 12.157 |
| — Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de unidade de persoal licenciado sanitario de Atención Primaria. | 12.162 |
| — Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de coordinación da Área de Fisioterapia de Atención Primaria. | 12.163 |
| — Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de servizo de persoal licenciado sanitario de Atención Primaria. | 12.164 |

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Edicto (533/2008). 12.164

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

- Edicto (1084/2008). 12.165

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

- Cédula de notificación de sentenza (149/2009). 12.165

- | | <u>Páxs.</u> |
|--|--------------|
| — Cédula de notificación de sentenza (250/2009). | 12.166 |
| — Cédula de notificación de sentenza (288/2009). | 12.167 |

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO SEIS DE OVIEDO

- Edicto (810/2008). 12.167

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Resolución do 18 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de varios contratos (cofinanciados polo Feder). 12.168
- Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 12232/2008, contra a Resolución do 20 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se acorda a aprobación definitiva do expediente expropiatorio, seguido polos trámites de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución do parque empresarial de Mos, no concello de Mos. 12.168
- Resolución do 29 de xuño de 2009, do Servizo de Infraestruturas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación -trámite de urxencia-, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras dos proxectos: modificado número 1 mellora trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.M1. Termo municipal de Serra de Outes; e obras complementarias das de mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.C1. Termo municipal de Serra de Outes. 12.169

<u>Páxs.</u>	<u>Páxs.</u>		
— Resolución do 7 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 4779/2008 e tres máis, contra a Orde do 6 de outubro de 2008 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa (A Coruña).	12.170	— Resolución do 15 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vila de Cruces. (Expediente IN407A 09/224-4).	12.176
— Resolución do 10 de xullo de 2009 pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio da obra de clave PO/08/008.02.	12.170	— Resolución do 15 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/225-4).	12.177
— Cédula do 26 de maio de 2009, do Servizo Provincial de Transportes de Pontevedra, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente PO-00053-O-2009 e dez máis).	12.172	— Resolución do 15 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/335-4).	12.177
— Cédula do 30 de xuño de 2009, do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, pola que se notifica a citación para acudir ao levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola expropiación, polo trámite de urxencia, para as obras do proxecto modificado número 1 da nova estrada ponte da Illa de Arousa-Xufre, provincia de Pontevedra, clave N/PO/97.20.M1, termo municipal da Illa de Arousa.	12.173	— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello da Estrada. (Expediente IN407A 09/175-4).	12.178
— Anuncio do 10 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se empra o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente PO-RES-2009-034.	12.174	— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Pontevedra. (Expediente IN407A 09/208-4).	12.178
		— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Lalín. (Expediente IN407A 09/228-4).	12.179
		— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 09/237-4).	12.179
		— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Arbo. (Expediente IN407A 09/238-4).	12.180
		— Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vilagarcía de Arousa. (Expediente IN407A 09/242-4).	12.180
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA			
— Acordo do 4 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición da autorización da instalación eléctrica que se cita (Expediente IN407A 09/206).	12.174		
— Resolución do 12 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se autoriza e se declara, en concreto, de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica denominada L.M.T., C.T., R.B.T. Guimarães, no concello de Allariz (Ourense). (Expediente IN407A 08/84-3 A.T.).	12.175		

- Páxs.
- Resolución do 16 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no concello de Vigo. (Expediente IN407A 09/262-4). 12.181

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Corrección de erros.-Resolución do 11 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia o extravío dun título de bacharel. 12.181

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Resolución do 11 de xuño de 2009 sobre concesión do título-licenza de axencia de viaxes do grupo maiorista-retallista a Portunorte, con casa central na rúa Progreso número 70, Sanxenxo, Pontevedra. 12.181
- Resolución do 11 de xuño de 2009 sobre concesión do título-licenza de axencia de viaxes do grupo retallista a *Fog Travel*, con casa central na rúa Zaragoza número 62, Vigo. 12.182
- Cédula do 18 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se notifica a Resolución do 22 de maio de 2009 ditada no expediente sancionador de Lugo LU-61/2008, por infracción leve en materia de turismo. 12.183
- Cédula do 18 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se notifica a resolución do 22 de maio de 2009 ditada no expediente sancionador de Lugo LU-57/2008, por infracción leve en materia de turismo. 12.183
- Cédula do 22 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica o requirimento de documentación, devolto polo servizo de correos. (Expediente 984E 2009/3-3). 12.184
- Cédula do 22 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica a incoación do expediente sancionador OU-S-018/2009, do 3 de abril, por infracción leve en materia de turismo. 12.184

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Cédula do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica o acordo de levantamento da paralización do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2005/0028-0. 12.184

Páxs.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Resolución do 17 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se lles notifica aos afectados que resultaron descoñecidos, se ignora o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puido practicar, a Resolución do 23 de marzo de 2009, do director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de modificación do acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo (Cotobade-Pontevedra). 12.185
- Resolución do 19 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se lles notifica aos afectados que resultaron descoñecidos, se ignora o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puido practicar, a Resolución do 28 de abril de 2009, do director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de modificación do acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo (Cotobade-Pontevedra). 12.185
- Edicto do 15 de xuño de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, polo que se dá publicidade ao acordo de inicio do expediente 407 de clasificación do monte Cadeiras e Miñarzo, da parroquia de Lariño do concello de Carnota. 12.186
- Anuncio do 12 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empra o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente INC-CO-0161-2007. 12.187
- Anuncio do 17 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador INC.LU-0062/2008-LSA. 12.187

CONSELLERÍA DO MAR

- Cédula do 19 de xuño de 2009, da Delegación Comarcal de Pontevedra, pola que se fai pública a notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2009/000186-5. 12.187

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- Cédula do 26 de xuño de 2009, do Servizo de Inspección Urbanística II, pola que se notifica a proposta de resolución do expediente sancionador por infracción urbanística, derivada do expediente 107 C 2008/7-0, devolta polo servizo de correos por resultar caducada en lista. 12.188

	<u>Páxs.</u>
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	
— Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a desistencia do procedemento de adxudicación da contratación do lote 8 colchóns, incluído no expediente de contratación AB-CHCI-09-009 que ten por obxecto a subministración de vestiario e colchóns para o complexo hospitalario, anunciado por Resolución do 14 de maio de 2009 deste complexo hospitalario (<i>Diario Oficial de Galicia</i> número 102, do 27 de maio), e pola que se anuncia continuar co procedemento de adxudicación do citado expediente respecto do resto dos lotes.	12.188
— Resolución do 3 de xullo de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por M ^a Elisa Pires Lorenzo.	12.188

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ABEGONDO	
— Edicto.	12.189
CONCELLO DE BAIONA	
— Edicto.	12.189
CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	
— Edicto.	12.189

	<u>Páxs.</u>
— Edicto.	12.189
— Edicto.	12.190

CONCELLO DE PONTEVEDRA

— Anuncio da aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para tanatorio-crematorio en San Amaro.	12.190
--	--------

CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

— Edicto.	12.191
— Edicto.	12.191

CONCELLO DE TOURO

— Edicto.	12.191
— Edicto.	12.192

e) OUTROS ANUNCIOS

AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

— Anuncio de convocatoria de prazas de persoal laboral fixo.	12.192
--	--------

MONTE CANCELAS, S. COOP. GALEGA

— Anuncio.	12.192
------------	--------

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

— Convocatoria de concurso para a construción do vaso I do vertedoiro de residuos non perigosos situado en Areosa, concello de Cerceda (NC0012/2009).	12.192
---	--------



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

**Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza**

Edificio Administrativo San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70 - 881 99 90 15

Fax: 981 54 42 72

<http://www.xunta.es>

Correo electrónico: dog@xunta.es

INSS 1130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Polígono Industrial de Sabón
15142 Arteixo (A Coruña)

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 8 de xullo de 2009 pola que se dispón o cesamento e nomeamento de membros do Consello Galego de Saúde en representación da Administración sanitaria da Xunta de Galicia.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, dedicaba o seu título VII á participación comunitaria, como expresión do dereito dos cidadáns a participar na actividade dos organismos públicos que afecten a calidade de vida ou o benestar xeral, e na formulación e control da política sanitaria, recollido nos artigos 9.2º e 129.1º da Constitución española, e nos artigos 5 e 53 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

A dita lei creou o Consello Galego de Saúde, como principal órgano colexiado de participación comunitaria no sistema sanitario de Galicia, ao cal lle corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade na formulación da política sanitaria e no control da súa execución, segundo determinaba o seu artigo 120.

As previsións legislativas desenvolvéronse mediante o Decreto 74/2005, do 14 de abril, polo que se determina a composición do Consello Galego de Saúde, adscrito á Consellería de Sanidade.

Tal e como se establece no artigo 2 do Decreto 74/2005, do 14 de abril, o Consello Galego de Saúde estará presidido pola conselleira de Sanidade, ou persoa en quen delegue de entre os seus membros, e ademais haberá seis vogais en representación da Administración sanitaria da Xunta de Galicia, exercendo como vicepresidente/a e secretario/a dous vogais dos seis que lle corresponden á Administración sanitaria.

A vixente Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece no seu artigo 24 que o Consello Galego de Saúde estará presidido pola titular da Consellería de Sanidade, e contará con seis vogais en representación da Administración sanitaria da Xunta, designados pola titular da Consellería de Sanidade.

Tendo en conta os cambios normativos producidos, e co obxecto de adecuar a representación da Administración Sanitaria da Xunta no Consello Galego de Saúde ás normas vixentes en materia de estrutura orgánica e á titularidade dos seus órganos, cómpre facer os axustes necesarios para que a composición actual daquel órgano colexiado, no que se refire á representación da Administración sanitaria, sexa conforme coa titularidade dos órganos desta.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, en relación cos artigos 2, 3 e 4 do Decreto 74/2005,

do 14 de abril, e o artigo 24 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia,

DISPÓN:

Artigo 1º

Cesan como vogais da Administración sanitaria no Consello Galego de Saúde as persoas indicadas no anexo I desta orde.

Artigo 2º

Noméanse as persoas que figuran no anexo II desta orde, como representantes da Administración sanitaria no Consello Galego de Saúde.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2009.

María del Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Vogais cesantes en representación da Administración sanitaria no Consello Galego de Saúde:

- a) Pola Consellería de Sanidade:
 - Pilar Fernández Romero.
 - Ramón Medina González-Redondo.
 - Germán González Pazó.
- b) Polo Servizo Galego de Saúde:
 - Cayetano Rodríguez Escudero.
 - Julio Villar Barreiro.
 - Cristina Rey Barbosa.

ANEXO II

Vogais nomeados en representación da Administración sanitaria no Consello Galego de Saúde:

- a) En representación da Consellería de Sanidade:
 - Roberto Pérez López (secretario xeral da Consellería de Sanidade).
 - Sagrario Pérez Castellanos (directora xeral de Saúde Pública e Planificación).
 - Raquel Vázquez Mourelle (subdirectora xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento).
- b) En representación do Servizo Galego de Saúde:
 - Rocío Mosquera Álvarez (xerente do Servizo Galego de Saúde).

-Nieves Domínguez González (directora de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde).

-Esperanza Fernández Lago (directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde).

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2009 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Troita que se celebra no concello de Oroso.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 8 de abril de 2009, adoptou, por proposta do conselleiro de Innovación e Industria, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Troita, que se celebra cada ano no mes de maio, no concello de Oroso, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo

Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2009 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Polbo que se celebra no concello de Mugardos.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día oito de abril de dous mil nove, adoptou, por pro-

posta do conselleiro de Innovación e Industria, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Polbo, que se celebra en xullo o último luns despois das festas do Carme, no concello de Mugardos, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 3 de xullo de 2009 pola que se procede á segunda convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB).

Mediante Resolución do 10 de decembro do 2008 publicouse a redacción das bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB) (*Diario Oficial de Galicia* nº 244, do 17 de decembro).

Estas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas das bases reguladoras de axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB), publicadas mediante Resolución do 10 de decembro do 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 244, do 17 de decembro), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte

ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pecharase aos corenta días naturais; no caso de coincidir o inicio ou o remate do prazo en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo trasladarase ao día hábil seguinte.

Segundo.-Os créditos dispoñibles para a concesión nesta convocatoria ascenden a 300.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/03-651700 dos orzamentos do Igape para o 2009.

Terceiro.-Á vista do volume das solicitudes presentadas e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá modificar e/ou ampliar os créditos aprobados, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, indícanse respectivamente nas bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB) e nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape publicadas mediante Resolución do 5 de febreiro do 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro).

Santiago de Compostela, 3 de xullo do 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 3 de xullo de 2009 pola que se procede á segunda convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, de determinadas liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica.

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 publicouse a nova redacción das bases reguladoras dos incentivos económicos e das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda o Igape (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro).

Estas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes tramitaranse segundo o establecido no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante a antedita Resolución do 5 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as seguintes liñas de axuda das bases reguladoras das axudas a proxectos colaborativos de carácter empresarial, publicada mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; e pecharase aos corenta días naturais; no caso de coincidir o inicio ou o remate do prazo en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo trasladarase ao día hábil seguinte.

1. Realización en Galicia de xornadas técnicas, seminarios, foros ou premios dirixidos á difusión de técnicas, metodoloxías, ferramentas ou boas prácticas nos núcleos da innovación á mellora competitiva ou ao aprendizaxe (procedemento IG114-artigo 1.1º 1 a)).

2. Realización en Galicia de encontros empresariais entre emprendedores e investidores privados (*business angels*) (procedemento IG114-artigo 1.1º 1 b)).

3. Realización en Galicia de congresos ou eventos expositivos de alcance internacional (procedemento IG114-artigo 1.1º 1 c)).

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria ascenden a 500.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria E4/10/02-651800 dos orzamentos do Igape para o 2009.

Segundo.-Todos os eventos incluídos nas solicitudes de axuda que se presenten ao abeiro desta convocatoria deberán realizarse entre o 1 de xullo de 2009 e o 31 de decembro de 2009.

Terceiro.-Para todos os créditos especificados nesta convocatoria resérvase un 10% para proxectos localizados nos municipios da Costa da Morte, e outro 10% para proxectos localizados na comarca de Valdeorras, que figuran nos anexos IV e V, respectivamente, das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape. Así mesmo, para os proxectos localizados nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, que figuran no anexo III das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape, resérvase outro 10% dos devanditos. No caso de que os proxectos aprobados non esgoten os créditos reservados, o remanente aplicarase aos restantes proxectos.

Cuarto.-Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá redistribuír entre elas os créditos aprobados, os cales tamén poderán ser ampliados e as partidas orzamentarias modificadas mediante resolución publicada para o efecto.

Quinto.-Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases reguladoras dos incentivos económicos do Igaape publicadas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro) e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, reséñanse nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igaape publicadas tamén mediante dita Resolución do 5 de febreiro de 2009.

Sexto.-O modelo de solicitude e demais anexos son os xa publicados coas bases reguladoras dos incentivos económicos do Igaape (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do 13 de febreiro de 2009).

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 3 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se resolve o concurso de traslado para a provisión de postos xenéricos vacantes no Instituto de Medicina Legal de Galicia entre funcionarios do corpo de médicos forenses.

De conformidade co establecido nos artigos 51, 52 e 53 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza, e na Resolución do 23 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan a concurso de traslados postos xenéricos vacantes no Instituto de Medicina Legal de Galicia para o corpo de médicos forenses (BOE/DOG do 14-4-2009), esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Resolver o concurso de traslado adjudicando os postos convocados aos médicos forenses que se relacionan no anexo I, fase de concurso e fase de resultas. Decláranse desertos os postos relacionados no anexo II.

Segundo.-O prazo para tomar posesión do novo destino obtido será de tres días naturais se non implica cambio de localidade do funcionario, de oito días naturais se implica cambio de localidade den-

tro da comunidade autónoma e de vinte días naturais se implica cambio de comunidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma de Canarias, da Comunidade Autónoma das Illes Baleares, da Cidade de Ceuta e mais da Cidade de Melilla, en que será dun mes tanto se o posto de traballo é de orixe como se é de destino. Cando o adxudicatario de praza obteña coa súa toma de posesión o reingreso no servizo activo, o prazo será de vinte días.

O prazo para a toma de posesión comezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá efectuar dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do concurso no *Boletín Oficial del Estado*, se esta non é simultánea á do *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberase computar desde a devandita publicación.

O cómputo dos prazos posesorios iniciárase cando rematen os permisos ou licenzas, incluídos os de vacacións, que lles fosen concedidos aos interesados.

O prazo posesorio será retribuído pola Administración competente respecto da praza obtida no concurso.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición competente no prazo de dous meses, segundo o establecido na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ambos os prazos contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2009.

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

ANEXO I Adjudicacións

DNI	Apelidos e nome	Destino de orixe	Destino adjudicado	Posto adjudicado
02885834-R	Cascón Gutiérrez, Ana Isabel	IM.L. Galicia Sub. Territorial de Pontevedra	IM.L. Galicia Sub. Territorial de Vigo	Médico forense xeneralista
50287714-P	Pérez Oso, Esther	IM.L. Baleares Sub. Menorca	IM.L. Galicia Sub. Territorial da Coruña	Médico forense xeneralista

ANEXO II Praza desertas

Denominación do destino	Localidade	Nº de prazas
IML Galicia. Dirección Territorial	Santiago de Compostela	1
IML Galicia. Subdirección Territorial	Ferrol	1
IML Galicia. Subdirección Territorial	Lugo	1
IML Galicia. Subdirección Territorial	Ourense	1
IML Galicia. Subdirección Territorial	Pontevedra	2
IML Galicia. Subdirección Territorial	Vigo	1

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 7 de xullo de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión do tribunal, nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de setembro de 2008 (DOG nº 192, do 3 de outubro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes que tivo lugar o día 2 de xullo de 2009, adoptáronse de conformidade co establecido na orde de convocatoria os seguintes acordos:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes, da quenda de acceso libre e de promoción interna, que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación alcanzada, con indicación do seu documento nacional de identidade.

Segundo.-De acordo co disposto na base IV da orde de convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a documentación prevista no punto 2 da citada base.

Terceiro.-Elevar a dita relación de aspirantes ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento.

Cuarto.-Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2009.

José Antonio Portos Mouriño
Presidente do tribunal

ANEXO**Acceso libre.**

DNI	Apelidos e nome	1º exame	2º exame	Concurso	Total
03454384-Z	González Andrés, Carlos	12,98	12,86	16	41,84
36108022-T	Quiñones Estévez, Mª Carmen	11,19	10,13	16	37,32
30794817-W	De Miguel Espejo, Ángela	10,74	12,65	11,6	34,99
32669435-M	Perales Garat, Gonzalo	12,23	11,36	8	31,59
33330833-S	Moure Acuña, Mª Lina	11,64	11,32	7,8	30,76
76996142-P	García Acuña, Pablo	11,79	11,49	0	23,28
33349515-K	Rodríguez Gay, Rubén	10,44	11,57	0	22,01
44447917-A	Alberte Rivera, Mª José	11,64	10,03	0	21,67

Promoción interna.

DNI	Apelidos e nome	1º exame	2º exame	Concurso	Total
44083156-E	Quiñones Vázquez, Pablo	12,7	10,06	6,47	29,23
76722249-E	Peña López, Óscar	10	10,08	6,9	26,98

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 3 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo no Hospital da Costa.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderase declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión da praza ofer-

tada será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para o posto relacionado no anexo I. No resto de supostos, a vinculación formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Denominación do posto: director/a de Xestión e Servizos Xerais.

Titulación requirida: licenciado/a universitario/a ou título equivalente.

Centro directivo: Hospital da Costa.

Localidade: Burela.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------

DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Orde do 3 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

O significado das claves numéricas que aparecen na columna corpo ou escala dos postos de traballo incluídos no anexo I desta orde é o establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Adminis-

tracións Públicas e Xustiza do 25 de maio de 2007, publicada no DOG nº 107, do 5 de xuño de 2007, na súa páxina 9.434.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse por escrito á conselleira de Sanidade (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela), segundo o modelo que se inclúe como anexo II desta orde.

As ditas solicitudes poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, nos das súas delegacións territorias, nos das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro), no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira que vimos de sinalar non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Sanidade. A súa resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sexto.-O nomeamento dun funcionario con destino definitivo noutra Administración pública ou que preste os seus servizos na comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava punto 4º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo anunciado estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable sobre el, conforme o previsto no Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, e demais disposicións concordantes.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade ca o novo destino, e dun mes, se están en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a con-

tar a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2009.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO I

Código do posto: SAS050000015770001.

Denominación do posto: secretario/a do director/a.

Dependencia: Dirección Recursos Humanos.

Localidade: Santiago de Compostela.

Tipo de posto: N.

Grupo: C/D.

Nivel: 18.

Complemento específico: 6.536,73.

Corpo ou escala: xeral/estatutario Servizo Galego de Saúde.

Formación específica: 020-640.

Adscripción: A 16.

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS		Segundo apelido		Nome	
Primeiro apelido		Corpo ou escala á que pertence		Grupo	Nº de R.P.
DNI	Data de nacemento	Localidade		Teléfono	
Domicilio, rúa e nº	Provincia	DESTINO ACTUAL			
Consellería		Dependencia	Localidade		

SOLICITO: ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo, polo sistema de libre designación, anunciada pola Orde, ao considerar que reúno os requisitos exixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica:

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

Tempo de servizos prestados			
No corpo actual	Anos	Meses	Días

N outros corpos			
	Anos	Meses	Días
No actual posto de traballo			

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

Titulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Corrección de erros.-Resolución do 10 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se lles dá publicidade ás bases para a convocatoria do concurso internacional para a provisión do posto de director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 116, do martes 16 de xuño de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 10.393, na columna da dereita, onde di «Vogais: seis vogais elixidos pola Consellería de Cultura e Turismo entre directores de museos, centros e feiras de arte contemporánea, críticos de arte, profesores de universidade e artistas, todos eles profesionais de recoñecido prestixio a nivel internacional», debe dicir: «Vogais: un mínimo de seis vogais elixidos pola Consellería de Cultura e Turismo entre directores de museos, centros e feiras de arte contemporánea, críticos de arte, profesores de universidade e artistas, todos eles profesionais de recoñecido prestixio a nivel internacional».

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 24 de xuño de 2009, da Xerencia do Hospital do Salnés, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dos postos de supervisores/as das áreas funcionais de Urxencias, e Unidade Ambulatoria e Materno Infantil deste hospital.

Convocadas por Resolución 1/2009 e Resolución 2/2009, do 10 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 13 de abril), a provisión de dous postos de supervisores/as de unidade do Hospital do Salnés, esta xerencia, de conformidade coa competencia atribuída no artigo 3 da orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 5 de xuño).

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dos postos de supervisores/as da Unidade de Servizos de Urxencias e Materno Infantil, do Hospital do Salnés, convocadas polas resolucións

1/2009 e 2/2009 respectivamente, do 10 de marzo (*Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 13 de abril).

Segundo.-Nomear, para os postos que se indican, as persoas citadas no anexo I desta resolución.

Terceiro.-As aspirantes nomeadas deberá cesar na praza que desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular, e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Cuarto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Vilagarcía de Arousa, 24 de xuño de 2009.

Bibiano Justo Fernández-Arruti López
Director xerente do Hospital do Salnés

ANEXO I

Posto: supervisor de unidade de Urxencias.
Nome e apelidos: M^a Concepción Abellas Álvarez.
DNI: 35462012-Z

Posto supervisora de unidade da Área Ambulatoria e Materno Infantil.
Nome e apelidos: Yolanda García Freijeiro.
DNI: 76816652-X

Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, pola que se resolve a convocatoria pública da provisión dos postos de xefaturas de grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Boiro, Centro de Saúde Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria número 1 -quenda de mañá-, Centro de Saúde Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria número 2 -quenda de tarde-, Centro de Saúde de Ordes e do Centro de Saúde de Ribeira.

Convocada a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de diversos postos vacantes de xefatura de grupo de persoal de xestión e servizos en cada un dos seguintes centros dependentes desta xerencia: Boiro, Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 1 quenda de mañá, Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 2 quenda de tarde, Ordes e Ribeira (anuncio publicado no DOG nº 49, do 11 de marzo); esta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de diversos postos vacantes de xefatura de grupo de persoal de xestión e servizos en cada un dos seguintes centros dependentes desta xerencia: Boiro, Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 1 quenda de mañá, Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 2 quenda de tarde, Ordes e Ribeira (anuncio publicado no DOG nº 49, do 11 de marzo).

Segundo.-Nomear, para os postos convocados, as persoas que se indican no anexo desta resolución.

Terceiro.-Os/as aspirantes nomeados/as deberán cesar na praza que desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do/a interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados pola Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado/a nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Javier Ventosa Rial
Director xerente de Atención Primaria de Santiago de Compostela

ANEXO

Posto de traballo: xefe grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Boiro.

Nome e apelidos: Carlos Javier García Bustelo.
DNI: 78791056-W.

Posto de traballo: xefe grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 1 -quenda de mañá-.

Nome e apelidos: Manuel Méndez Blanco.
DNI: 33282220-R.

Posto de traballo: xefa grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Concepción Arenal Servizo de Atención Primaria nº 2 -quenda de tarde-.

Nome e apelidos: Manuela Fuentes Veiga.
DNI: 33298628-X.

Posto de traballo: xefa grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Ordes.

Nome e apelidos: Ana María Pol Rodríguez.
DNI: 34257518-F.

Posto de traballo: xefa grupo de xestión e servizos do Centro de Saúde de Ribeira.

Nome e apelidos: Ana María Martí Gayoso.
DNI: 36112441-A.

Resolución do 3 de xullo de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal de xestión e servizos (xefatura de sección e xefatura de grupo).

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de com-

petencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra.

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de xefatura de persoal de xestión e servizos anunciado pola Resolución do 5 de marzo de 2009 (DOG número 54, do 18 de marzo).

Segundo.-Nomear nos postos que se indican as persoas citadas no anexo desta resolución.

Terceiro.-O profesional nomeado deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a Dirección de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Sergas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Pontevedra, 3 de xullo de 2009.

Manuel Castro Pazos
Director xerente de Atención Primaria de Pontevedra

ANEXO

Posto de traballo: Xefatura de Sección de Custos de Persoal e Retribucións.

Apelidos e nome: Pardavila Pazos, María José.
DNI: 76805608-Y.

Posto de traballo: Xefatura de Grupo de Subministracións e Contratación Administrativa.

Apelidos e nome: Sobrino Portela, Constantino.
DNI: 35255506-W.

Resolución do 8 de xullo de 2009, da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se modifica a Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario.

Por resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), convocouse concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario.

Entre os exercicios da fase de oposición que se establecen no anexo III da devandita resolución, figura un exercicio sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, inclusive), que de conformidade co establecido no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, se realizaría exclusivamente en lingua galega.

Por outra banda, e respecto ao exercicio de coñecemento da lingua galega, non se establece a exención da súa realización para os aspirantes que estean en posesión dos cursos de coñecemento da lingua galega.

A Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, modifica a redacción do devandito artigo 35 e na disposición transitoria única establécese a aplicación da liberdade de elección de lingua galega e de lingua castelá nos procesos selectivos en curso respecto dos exercicios que aínda non estean realizados.

De conformidade co anterior, e tendo en conta que a realización dos exercicios da fase de oposición para o ingreso nas citadas categorías está prevista a partir do vindeiro mes de outubro, procede adaptar a devandita resolución á nova redacción do artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, antes citado.

Este centro directivo, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a base sétima da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario, que terá a seguinte redacción:

1. Para o acceso a todas as categorías convocadas, os/as aspirantes da quenda de promoción interna

estarán exentos/as de contestar as preguntas sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive).

2. Ademais, para o acceso ás categorías do grupo técnico e grupo de xestión da función administrativa, os/as aspirantes que pertencen a unha categoría da función administrativa do grupo de clasificación inmediatamente inferior ao da categoría a que aspiran estarán exentos/as de realizar o terceiro exercicio de desenvolvemento de temas.

3. Así mesmo, os/as aspirantes que pertencen á categoría do grupo auxiliar da función administrativa e aspiren a acceder á categoría de persoal de servizos xerais, así como aqueles/as que pertencen á categoría de persoal de servizos xerais que aspiren a acceder á categoría do grupo auxiliar da función administrativa, estarán exentos/as de realizar o segundo exercicio de contido práctico co ordenador.

4. Igualmente, para o acceso a categorías de diplomados/as sanitarios/as (ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a e terapeuta ocupacional), os/as aspirantes que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a estarán exentos/as de contestar as preguntas relativas aos temas do nove ao dezaioito do programa, ambos inclusive.

5. Para determinar a orde de prelación entre os/as aspirantes da quenda de promoción interna de todas as categorías convocadas, excepto as de diplomados/as sanitarios/as, só se terán en conta as puntuacións dos exercicios comúns para todas as quendas de acceso así como a puntuación do correspondente baremo. Para as categorías de diplomados/as sanitarios/as só se terán en conta as puntuacións da segunda e terceira parte do primeiro exercicio así como a puntuación do correspondente baremo.

6. O persoal seleccionado pola quenda de promoción interna terá preferencia para a elección de prazas respecto ao persoal seleccionado polas demais quendas, sen prexuízo do establecido no número sete da base oitava, respecto das persoas con discapacidade.

Segundo.-Modificar o anexo III da devandita resolución, que terá a seguinte redacción:

ANEXO III

*Exercicios para todas as categorías: (excepto grupo técnico da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a, terapeuta ocupacional, grupo administrativo da función administrativa, cociñeiro, grupo auxiliar da función administrativa e persoal de servizos xerais).

1º Exercicio: (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio con dúas partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa.

2. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis 5 preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor deste.

2º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

3º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír os cursos de coñecemento da lingua galega que, para cada categoría, se especifican a continuación ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás cales se lles asignarán 5 puntos.

-Enxeñeiro/a técnico/a, traballador/a social, técnico/a especialista en hixiene bucal, técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a especialista en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a especialista en imaxe para o diagnóstico clínico, técnico/a especialista en radioterapia, técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información, técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información: Celga 4 ou equivalente (curso de perfeccionamento da lingua galega).

-Albanel, auxiliar de enfermaría, calefactor/a, carpinteiro/a, costureiro/a, electricista, fontaneiro/a, mecánico/a, perruqueiro/a e telefonista: Celga 3 ou equivalente (curso de iniciación da lingua galega).

-Celador/a, lavandeiro/a, pasador/a de ferro e pinche: Celga 2 ou equivalente.

*Grupo técnico da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte común e da parte xeral do programa, nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos inclusive) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo de 90 minutos, relacionados coa parte específica do programa.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 15 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (eliminatório):

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 120 minutos, dous temas, un da parte xeral e outro da parte específica do programa, elixidos ao chou polo/a aspirante entre dous sorteados de cada unha das partes.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal polo/a aspirante, apreciando, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e o rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

Este exercicio será valorado de 0 a 10 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba, serán cualificados directamente como non apto.

4º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento da lingua galega por parte dos/das aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Grupo de xestión da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa, nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un ao oito, ambos inclusive) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as cales terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos, no tempo máximo de 90 minutos, relacionados coa parte específica do programa.

Para a realización deste exercicio os/as aspirantes poderán utilizar toda clase de textos normativos non comentados que consideren axeitados. Nesta proba valorarase o rigor analítico, a sistemática e a claridade de ideas a prol da elaboración dunha proposta razoada.

Este exercicio será valorado de 0 a 15 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (eliminatório):

Consistirá en desenvolver por escrito, no prazo máximo de 120 minutos, dous temas da parte específica do programa, elixido polo/a aspirante entre catro sorteados.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante el tribunal polo/a aspirante, apreciando, fundamentalmente, a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e o rigor na exposición e a calidade da expresión escrita.

Este exercicio será valorado de 0 a 10 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba, serán cualificados directamente como non apto.

4º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento da lingua galega por parte dos/as aspirantes nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*ATS/DUE, enfermeiro/a de saúde mental, fisioterapeuta, logopeda, matró/a e terapeuta ocupacional.

1º Exercicio: (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, con tres partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1. Contestación por escrito de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común a todas as diplomaturas sanitarias do programa (temas nove ao dezaioito, ambos inclusive), de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a.

2. Contestación por escrito de corenta e cinco preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis catro preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa.

3. Contestación por escrito de corenta e cinco preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis catro preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 50 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna que pertencen a unha categoría de diplomado/a sanitario/a para os/as que terá unha puntuación de 45 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas

alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un ao oito, ambos inclusive), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

3º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Grupo administrativo da función administrativa:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización, en unidade de acto, dun único exercicio, con dúas partes diferenciadas, nun prazo máximo de 150 minutos:

1.- Contestación por escrito de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos incluídos) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

2. Contestación por escrito de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, de supostos prácticos sobre os temas da parte específica do programa con contido relacionado coas competencias profesionais da categoría.

Este exercicio será valorado de 0 a 55 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 50 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Cociñeiro:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de cincuenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido da parte específica do programa nun prazo máximo de 75 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización dunha proba de carácter práctico de cociña para a demostración das aptitudes, destrezas e capacidade profesional en relación coas funcións propias da categoría, co tempo e co medios que o tribunal considere axeitados.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non alcancen a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non aptos.

3º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, sobre o contido da parte común do programa (temas un a oito, ambos incluídos), nun prazo máximo de 15 minutos, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

4º Exercicio (obligatorio e non eliminatorio):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

*Auxiliares da función administrativa e persoal de servizos xerais:

1º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis cinco preguntas de reserva, sobre o contido do programa nun prazo máximo de 75 minutos.

O número de preguntas relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos incluídos) será de dez, de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.

Este exercicio será valorado de 0 a 30 puntos, excepto para os/as aspirantes de promoción interna para os/as que terá unha puntuación de 25 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

2º Exercicio (eliminatório):

Consistirá na realización dunha proba de contido práctico co ordenador a través da que se evidencie o coñecemento dos/as aspirantes da materia informática e da súa aplicación práctica, sobre manexo de paquetes ofimáticos (folla de cálculo e procesador de textos) na versión 2007 de Microsoft Office, no tempo e cos medios que o tribunal considere axeitados.

O tribunal por cuestión de índole organizativa poderá propoñer exercicios distintos de similares características, que serán sorteados nos correspondentes chamamentos parciais.

Este exercicio será valorado de 0 a 25 puntos.

Para superar este exercicio deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do seu valor.

Todos aqueles exercicios que non acaden a puntuación mínima exixida para superar a proba serán cualificados directamente como non apto.

3º Exercicio (obrigatorio e non eliminatório):

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de dez preguntas tipo test con catro respostas alternativas, máis dúas preguntas de reserva, mediante o que se evidencie o coñecemento por parte dos/as aspirantes da lingua galega nun prazo máximo de 15 minutos.

Este exercicio será valorado de 0 a 5 puntos.

As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.

Estarán exentos/as da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos/ás que se lles asignarán 5 puntos.

Terceiro.-Abrir o prazo, ata o 31 de agosto de 2009, inclusive, para que os aspirantes admitidos ao proceso selectivo convocado pola resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), presenten, na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo

San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela) copia cotexada do correspondente curso de coñecemento da lingua galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística ou a validación correspondente de conformidade co establecido na orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo).

A devandita documentación poderá presentarse en calquera dos lugares sinalados no parágrafo 4 da base terceira da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2009.

Rocío Mosquera Álvarez
Xerente do Servizo Galego de Saúde

Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de unidade de persoal licenciado sanitario de Atención Primaria.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefatura de unidade de Atención Primaria, mediante Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril), esta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º.) da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de unidade de Atención Primaria da Pobra do Caramiñal, anunciada por Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril).

Segundo.-Nomear, para o posto convocado, a persoa que se indica no anexo desta resolución.

Terceiro.-O/a aspirante nomeado/a deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do/a interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados pola Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado/a nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Javier Ventosa Rial
Director xerente de Atención Primaria de Santiago de Compostela

ANEXO

Posto de traballo: xefe de unidade de Atención Primaria da Pobra do Caramiñal.

Nome e apelidos: Miguel Ángel Félix Pérez Llamas.
DNI: 33229021-R.

Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de coordinación da Área de Fisioterapia de Atención Primaria.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de coordinación da Área de Fisioterapia de Atención Primaria, mediante Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG nº 66, do 6 de abril), esta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a pro-

visión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de coordinación da área de fisioterapia de atención primaria, anunciada por Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG nº 66, do 6 de abril).

Segundo.-Nomear, para o posto convocado, a persoa que se indica no anexo desta resolución.

Terceiro.-O/a aspirante nomeado/a deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do/a interesado/a, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados pola Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado/a nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Javier Ventosa Rial
Director xerente de Atención Primaria de Santiago de Compostela

ANEXO

Posto de traballo: coordinador da Área de Fisioterapia de Atención Primaria.

Nome e apelidos: María Idalina Catalina Alcoba Mayo.

DNI: 36558356-V.

Anuncio do 30 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de servizo de persoal licenciado sanitario de Atención Primaria.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefatura de servizo de atención primaria, mediante Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril), esta xerencia; de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola cal se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de servizo de Atención Primaria de Noia, anunciada pola Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril).

Segundo.-Nomear para o posto convocado a persoa que se indica no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados pola Dirección Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante a Dirección de Recursos Humanos, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, dentro do prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Javier Ventosa Rial
Director xerente de Atención Primaria
de Santiago de Compostela

ANEXO

Posto de traballo: xefe de servizo de Atención Primaria de Noia.

Nome e apelidos: Isabel Celemín Colomina.

DNI: 73191837-H.

**V. ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA**

**XULGADO DE PRIMEIRA
INSTANCIA NÚMERO TRES DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Edicto (533/2008).

No procedemento de referencia ditouse a sentenza co encabezamento e resolución é do teor literal seguinte:

«En Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2009.

Mónica Sánchez Romero, maxistrada xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número tres de Santiago de Compostela, viu estes autos de xuízo verbal de desafiuzamento e reclamación de cantidade, seguidos neste xulgado co número 533/2008, por instancia de María Juana Nieto Sánchez, representada pola procuradora Soledad Sánchez Silva e defendida pola letrada Victoria García Gómez, contra Eugenio Domínguez Morais, en rebeldía procesual e:

Resolvo que estimando a demanda interposta pola procuradora Soledad Sánchez Silva, en nome e representación de María Juana Nieto Sánchez, sobre desafiuzamento por non pagamento e reclamación de cantidade, contra Eugenio Domínguez Morais, debo declarar e declaro que procede o desafiuzamento e, por tanto, declaro resolto o contrato de arrendamento do piso baixo do número 45 da rúa Vista Alegre de Santiago de Compostela, condenando o demandado a entregar a posesión do predio, desaloxándoo e deixándoo libre e ao dispor da demandante, baixo apercibimento de lanzamento se non o verificar; e debo condenar e condeno o demandado ao pagamento á demandante da cantidade de dous mil cento setenta e seis euros con corenta e sete céntimos (2.176,47 euros), cos xuros legais correspondentes á cantidade de 1.501,47 euros desde a data da sentenza, e os do artigo 576 LAC respecto á cantidade total obxecto de condena.

As custas impóñenselle á parte demandada.

Contra esta sentenza cabe interpor recurso de apelación, que se preparará ante este xulgado dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E como consecuencia do ignorado paradiro de Eugenio Domínguez Morais, esténdese este edicto para que sirva de cédula de notificación.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Francisco Castiñeiras Fernández
Secretario xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (1084/2008).

María Blanco Aquino, secretaria xudicial do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 1084/2008 deste xulgado do social, seguidos por instancia de Sheila Silva do Nascimento, Gisele Aparecida Mendoza e Jessica Bárbara Oliveira dos Reis, contra a empresa *Ranqui Hostelería, S.L.*; Raquel Naveiro Santos, maxistrada xuíza do Xulgado do Social número un da Coruña, pronunciou en nome de El-Rei a seguinte sentenza, que na súa parte dispositiva di:

«Decisión:

En atención ao exposto, este órgano xudicial, pola autoridade que lle confire a Constitución, decidiu que se ten por desistida a Jessica Bárbara Oliveira dos Reis fronte á empresa *Ranqui Hostelería, S.L.*

Que estimo a demanda sobre despedimento formulada por Sheila Silva do Nascimento e Gisele Aparecida Mendoza contra a empresa *Ranqui Hostelería, S.L.* e, en consecuencia, declaro a improcedencia dos despedimentos efectuados e condeno a empresa indicada a que readmita inmediatamente as demandantes nas mesmas condicións que rexían antes de se producir o despedimento, ou ben, á elección do empresario, á extinción da relación laboral con aboamento á parte demandante dunha indemnización de 3.189,29 € para Sheila e de 3.774,19 € para Gisele.

Esta opción deberase exercer no termo de 5 días a partir da notificación desta sentenza, mediante escrito ou comparecencia ante este xulgado. Transcorrido ese prazo sen que o empresario optase, entenderase que procede a readmisión.

Calquera que for o sentido da opción, condeno así mesmo solidariamente a demandada a que lle satisfaga ás demandantes os salarios que non percibisen desde a data dos seus despedimentos (respectivamente, 6 e 11 de novembro de 2008) ata a notifica-

ción desta resolución, tomando en consideración para tal efecto o salario diario de 32,05 €/día e tendo en conta a limitación que establece o artigo 57.1º do ET e que ata a data desta sentenza alcanza a cantidade de 4.615,97 € para Sheila e de 4.455,69 € para Gisele.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, facéndolles saber que contra ela poden interpor recurso de suplicación, que deberá anunciarse ante este xulgado no termo de cinco días desde a notificación desta sentenza, por comparecencia, ou por escrito das partes, do seu avogado ou do seu representante legal, en que designe letrado que deberá interpolo, será posible o anuncio por simple manifestación daquelas ao ser notificadas, e que será resolto, de ser o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá, así mesmo, acreditar ao anunciar o recurso ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado, aberta en *Banesto*, conta nº 1531, clave 60, que se pode substituír por aseguranza mediante aval bancario, na cal conste a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 € na conta nº 1531, clave 65, en calidade de depósito e en impreso separado do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Ranqui Hostelería, S.L.*, en paradiro ignorado, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 4 de xuño 2009.

María Blanco Aquino
Secretaria xudicial

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(149/2009).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña,

dou fe e testemuño: En autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o nº 149/2009 por instancia de Ramón Iglesias Gómez, contra a empresa Rodríguez Gómez, José sobre despedimento, ditouse a seguinte:

«Beatriz Seijo Dopico, maxistrada xuíza do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo nº 149/2009, seguidos por instancia de Ramón Iglesias Gómez, maior de idade, representado e asistido pola letrada Sra. Muruzábal Pérez, contra a empresa Rodríguez Gómez, José, que non compare-

ceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación, despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Ramón Iglesias Gómez e Inés Vilela Castro contra a empresa Rodríguez Gómez, José, e cualifico como nulos os despedimento do 31 de decembro de 2008, e declaro extinguida a relación laboral dos demandantes coa demandada, con efectos da data de hoxe, día 15 de xuño de 2009, condenando a empresa a se ater á devandita declaración e a que lles aboe aos traballadores as cantidades seguintes:

Inés Vilela Castro	Indemnización 11.567,32 €.
	Salarios 6.649,96 €.
Ramón Iglesias Gómez	Indemnización 4.281,41 €.
	Salarios 3.324,98 €.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciálo, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030 6349 0000 1532 60 149/09.

E, así mesmo, deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito, na conta 0030 6349 0000 1532 65 149/09.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación Rodríguez Gómez, José, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agas as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña o 15 de xuño de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

*Cédula de notificación de sentenza
(250/2009).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño:

«En autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 250/2009 por instancia

de Guillermo Sío Vadell, contra a empresa *Grupo Náutica Deportivo Sada, S.L.* sobre despedimento, ditouse a seguinte sentenza:

Na Coruña, 15 de xuño de 2009.

Beatriz Seijo Dopico, xuíza substituta do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 250/2009, seguidos por instancia de Guillermo Sío Vadell, con DNI 77421049-J, asistido polo letrado sr. Rodríguez Casal, contra a empresa *Grupo Náutica Deportivo Sada, S.L.*, que non compareceu nos autos, e foi citado o Fogasa, que non compareceu, sendo o obxecto da reclamación, despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Guillermo Sío Vadell, con DNI 44421049-J contra a empresa *Grupo Náutica Deportivo Sada, S.L.*, e cualifico como improcedente o despedimento de data 24 de xaneiro de 2009 e declaro, no 19 de febreiro de 2009, extinguida a relación laboral, condenando a demandada a se ater á devandita declaración e a lle aboar ao demandante as seguintes cantidades:

Indemnización: 773,32 € (22,5 días × 34,37 €/día).

Salarios: 893,62 € (24-1-2009/19-2-2009).

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela referida só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir de la notificación desta sentenza; e no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuita deberá, ao anunciálo, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-1532-60-250/09.

E así mesmo deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros, en concepto de depósito, na conta 0030-6349-0000-1532-65-250/09.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación a empresa *Grupo Náutica Deportivo Sada, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións se farán nos estrados do xulgado, agás as que sexan emprazamentos, autos e sentenzas, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, o 15 de xuño de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

*Cédula de notificación de sentenza
(288/2009).*

Eu, María Jesús Hernando Arenas, secretaria judicial del Juzgado de lo Social número 2 da Coruña, dou fe e testemuño:

En autos seguidos perante este Xulgado do Social, tramitados baixo o número 288/2009 por instancia de Julio Vázquez Sánchez contra a empresa *Actividades Gallegas de la Energía, S.A.* (AGESA), sobre despedimento, ditouse a seguinte sentenza:

A Coruña, 16 de xuño de 2009.

Beatriz Seijo Dopico, maxistrada xuíza substituta do Social número 2 desta cidade, viu os presentes autos de xuízo numero 288/2009, serguidos a instancia de Julio Vázquez Sánchez, maior de idade, representado e asistido polo letrado Sr. Páramo Sureda, contra a empresa *Actividades Gallegas de la Energía, S.A.*, (AGESA), que non compareceu nos autos, sendo o obxecto de reclamación, despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta por Julio Vázquez Sánchez contra a empresa *Actividades Gallegas de la Energía, S.A.* (AGESA), califíco como nulo o despedimento de data 13 de febreiro de 2009, e declaro extinguida a relación laboral do demandante coa devandita empresa demandada, con efectos da data de hoxe, día 15 de xuño de 2009, condenando a demandada a lle aboar ao demandante as seguintes cantidades:

Indemnización: 7090,5 € Salarios: 5.766,94 €.

Notifíqueselles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco (5) días contando a partir da notificación deste sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta, deberá, ao anunciálo, entregar o xustificante acreditativo de consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030 6349 0000 1532 60 288/09.

E así mesmo, deberá, no momento de interpor recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na conta 0030 6349 0000 1532 65 288/09.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

E para que sirva de notificación de sentenza a empresa *Actividades Gallegas de la Energía, S.A.* (AGESA) que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e coa advertencia de que as seguintes notificacións ser farán nos estrados do xulgado, agás as

que sexan emprazamentos, autos e sentenzas expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, o 15 de xuño de 2009.

María Jesús Hernando Arenas
Secretaria xudicial

**XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO SEIS DE OVIEDO**

Edicto (810/2008).

Camino Campuzano Tomé, secretario xudicial do Xulgado do Social número seis de Oviedo, fago saber:

Que no procedemento de demanda 810/2008 deste xulgado do Social, seguido por instancia de Víctor Alexander Rodríguez Castillo contra a empresa *Hispano-portuguesas del Noroeste, S.L., Sebastián Luis Suárez del Cuadro, S.L.*, sobre cantidade, foi ditada sentenza cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Que, estimando integramente a demanda presentada por Víctor Alexander Rodríguez Castillo contra a empresa *Hispano-portuguesas del Noroeste, S.L.*, debo condenar e condeno a demandada citada a aboar ao demandante a cantidade de 3.049,41 euros en concepto dos salarios correspondentes ao mes de maio, diferenzas salarais e liquidación por cesamento, e absolvo a empresa *Sebastián Luis Suárez del Cuadro, S.L.* das pretensións deducidas na súa contra no presente procedemento.

Incorpórese esta sentenza ao correspondente libro, expídase certificación literal dela para a súa constancia nos autos de referencia.

Notifíquese esta sentenza ás partes coa advertencia de que non é firme, xa que contra ela cabe interpor recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias, podendo anunciar o propósito de o facer dentro dos cinco días seguintes á notificación, por conduto deste xulgado, cos requisitos exixidos no artigo 192 e seguintes do texto refundido da Lei de procedemento laboral, logo do depósito de 150,25 euros (artigo 227.1º LPL) na conta de depósito e consignacións deste xulgado, aberta no *Banesto* co número 3378 0000 65 081008, debendo demostrar mediante entrega do comprobante de ingreso nesta secretaria. Así mesmo, o condenado ao pagamento dunha cantidade que non goce do beneficio de xustiza gratuíta deberá demostrar, ao anunciar o recurso ter consignado a cantidade obxecto de condena na conta de depósitos e consignacións deste xulgado, anteriormente citada; esta consignación en metálico pódese substituír por aval bancario en que conste a responsabilidade solidaria do avalista (artigo 228 LPL).

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza».

E para que sirva de notificación en legal forma á empresa *Hispano-portuguesas del Noroeste, S.L.*, en paradiro ignorado, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.

Oviedo, 19 de xuño de 2009.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán nas dependencias deste xulgado, salvo as que revistan forma de auto ou sentenza ou cando se trate de emprazamento.

Camino Campuzano Tomé
Secretario xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 18 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de varios contratos (cofinanciados polo Feder).

Para os efectos previstos no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, esta secretaría xeral acordou publicar as adxudicacións definitivas dos contratos que a continuación se relacionan:

1. Subministración de equipos para a valorización eléctrica do biogás no vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Piñor no concello de Santiago (A Coruña) (expediente 138/2008).

1.1. Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 15, do día 22 de xaneiro de 2009.

1.2. Tramitación e procedemento.

1.2.1. Tramitación: ordinaria.

1.2.2. Procedemento: aberto.

1.3. Orzamento de licitación: 238.606,28 €, IVE incluído.

1.4. Adxudicación definitiva.

1.4.1. Data: 13 de maio de 2009.

1.4.2. Adxudicatario: *Ingeniería y Biogás, S.L.*

1.4.3. Importe de adxudicación: 225.040 €, IVE incluído.

Subministración dun equipo compacto de extracción e combustión do biogás e equipo de valorización do biogás para o vertedoiro clausurado de residuos sólidos urbanos de Ourense (expediente 139/2008).

2.1. Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 15, do día 22 de xaneiro de 2009.

2.2. Tramitación e procedemento.

2.2.1. Tramitación: ordinaria.

2.2.2. Procedemento: aberto.

2.3. Orzamento de licitación: 237.406,58 €, IVE incluído.

2.4. Adxudicación definitiva.

2.4.1. Data: 13 de maio de 2009.

2.4.2. Empresa adxudicatario: *Ingeniería y Biogás, S.L.*

2.4.3. Importe de adxudicación: 233.160 €, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral de Consellería de Medio Ambiente

Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 12232/2008, contra a Resolución do 20 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se acorda a aprobación definitiva do expediente expropiatorio, seguido polos trámites de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución do parque empresarial de Mos, no concello de Mos.

Para os efectos de dar cumprimento ao solicitado polo presidente da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo núm. P.O. 12232/2008, interposto por *Terrenos Industriales Mos, S.L.*, contra a Resolución do 20 de decembro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se acorda a aprobación definitiva do expediente expropiatorio, seguido polos trámites de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución do parque empresarial de Mos, no concello

de Mos; esta secretaría resolveu ordenar a remisión do correspondente expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, emprazándose para que poidan comparecer como demandadas nos autos no prazo de nove días, de acordo co disposto no artigo 49.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Resolución do 29 de xuño de 2009, do Servizo de Infraestruturas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación -trámite de urxencia-, para a expropiación dos bens e dereitos afectados polas obras dos proxectos: modificado número 1 mellora trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.M1. Termo municipal de Serra de Outes; e obras complementarias das de mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.C1. Termo municipal de Serra de Outes.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade autónoma de Galicia para o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

As obras citadas no encabezamento da presente resolución encóntranse incluídas no programa de obras que se realizará con cargo ao programa 512-B, construción, conservación e explotacións de estradas.

Con data do 17 de novembro de 2008, procédese á aprobación do proxecto modificado nº 1 mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.M1. Termo municipal de Serra de Outes, polo director xeral de Obras Públicas por delegación da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; e con data do 9 de xuño de 2009, procédese á aprobación do proxecto polas obras complementarias das de mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-

Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.C1. Termo municipal de Serra de Outes, pola directora xeral de Infraestruturas, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Con data do 15 de decembro de 2005, a Xunta de Galicia procedeu a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación para as mencionadas obras polo Decreto 579/2005, publicado no DOG nº 3, do 4 de xaneiro de 2006.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolve convocar os titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan no lugar, data e hora que se citan para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, en que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados, e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladar ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Obra: modificado nº 1 mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui.

Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite Municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.M1.

Lugar: centro social de Serra de Outes (praza do Bosque, s/n).

Día: 11 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Abelleira Caamaño, Dolores a Alborés Gosende, Lucrecia.

Día: 12 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Alborés Lestón, María Concepción a Caamaño Martínez, Manuel.

Día: 13 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Caamaño Rodríguez, María Teresa a Fernández Blanco, Albina.

Día: 14 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Fernández Blanco, Carmen Edelmira a González Sande, Hdros María.

Día: 18 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De González Sande, Juan Manuel a Martínez Martínez, Alfonso.

Día: 19 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Martínez Martínez, María a Riomaio Outón Ramón.

Día: 20 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Rodríguez Castelo, Cándida a Viña González, Manuela.

Obra: obras complementarias das de mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui.

Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite Municipal Muros con Serra de Outes-Noia. Clave: AC/03/006.01.C1.

Lugar: centro social de Serra de Outes (praza do Bosque, s/n).

Día: 20 de agosto de 2009.

Horario: de 9.00 horas a 13.00 horas.

De Barreiro Blanco Matías a Tuñas Fornelos, Juan José.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes, estarán expostos no Concello de Serra de Outes, e no Servizo de Infraestruturas da Coruña (praza Luís Seoane, s/n, 8ª, 15071 A Coruña).

A este acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade documento nacional de identidade, e último recibo da contribución, podendo acompañarse, pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e no cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado* ou ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo de Infraestruturas da Coruña, as alegacións que estimen pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

A Coruña, 29 de xuño de 2009.

Teresa Palacios Alonso

Xefa do Servizo de Infraestruturas da Coruña

Resolución do 7 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo 4779/2008 e tres máis, contra a Orde do 6 de outubro de 2008 sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa (A Coruña).

Para os efectos de dar cumprimento ao solicitado polo presidente da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia, en relación cos recursos contencioso-administrativos núms. P.O. 4779/2008, interposto por Manuel Ramón Conde Valiño e outros; P.O. 4011/2009, interposto por Herminio Nieto Rodríguez; P.O. 4012/2008, interposto por Manuel Nieto Sesar; e P.O. 4013/2009, interposto por Juan Raposo Quintás; contra a Orde do 6 de outubro de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa (A Coruña); esta secretaría resolveu ordenar a remisión do correspondente expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, emprazándoas para que poidan comparecer como demandados nos autos no prazo de nove días, de acordo co disposto no artigo 49.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2009.

José Antonio Fernández Vázquez
Secretario Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Resolución do 10 de xullo de 2009 pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio da obra de clave PO/08/008.02.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Infraestruturas. Subdirección Xeral de Planificación e Programación.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: reforzo do firme, sinalización e barreiras na PO-533 Lalín-Alto do Faro.

Clave do expediente: PO/08/008.02.

Orzamento base de licitación: 4.455.152,72 euros (IVE excluído). IVE: 712.824,44 euros.

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría f.

División por lotes e número: non hai.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: ordinaria, procedemento aberto multicriterio.

4. Garantías.

Provisional: non se exige.

Exixirase unha garantía definitiva equivalente ao 5% do orzamento de licitación, IVE non incluído. Ver punto I do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

A dita garantía poderá ser presentada na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Dirección Xeral de Infraestruturas. Subdirección Xeral de Planificación e Programación.

b) Domicilio: edificios administrativos de San Caetano, s/n.

c) Localidade e código postal: 15781 Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 54 49 86.

e) Telefax: 981 54 47 91.

Así mesmo, tamén se poderá obter o prego de cláusulas administrativas particulares, cadro de características, relativo a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.contratosdegalicia.es/>.

E en *Copy Nino* (prego de cláusulas administrativas particulares, cadro de características, proxecto, soporte dixital), rúa Feáns nº 19, e Rosalía de Castro nº 58-15706 Santiago de Compostela-A Coruña, teléfono e fax 981 58 89 38.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exixida no punto 2 anterior.

A capacidade técnica segundo o especificado no parágrafo J.2 a) do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

A aquelas empresas non españolas de países integrados na Unión Europea que non estean clasificadas, exixiráselles a documentación que sinalan os artigos 64 e 65 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce horas do vixésimo sexto día natural, que non coincida en domingo ou festivo, seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que se presenta: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, sito no edificio administrativo de San Caetano s/n, en Santiago de Compostela, segundo o que se especifica no punto 3.4 do prego de cláusulas administrativas particulares, ou serán enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): dous (2) meses conxunto o artigo 145 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

e) Criterios de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuren no prego de cláusulas administrativas particulares.

f) Admisión de variantes: ver parágrafo F do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Apertura de sobre B e sobre C: terá lugar na data e hora que será anunciada no perfil de contratante <http://www.contratosdegalicia.es/>, con 3 días hábiles de antelación á realización do acto público de apertura dos sobres B e C, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Infraestruturas, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Se por algún motivo houberse que retrasar o acto público de apertura dos sobres B e C reflectirase a nova data no perfil de contratante <http://www.contratosdegalicia.es/>.

9. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº A), segundo se especifica no punto 3.6. Constitución e funcionamento da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Gastos dos anuncios: por conta dos adxudicatarios. O importe estimado máximo DOG: por liña 10,82 euros.

11. No caso de que a información reflectida no enderezo da internet non concorde cos datos publicados no anuncio de licitación, prevalecerá este.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2009.

P.D. (Orde 29-4-2009, DOG nº 86, do 5 de maio)
José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Cédula do 26 de maio de 2009, do Servizo Provincial de Transportes de Pontevedra, pola que se notifican as denuncias por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar. (Expediente PO-00053-O-2009 e dez máis).

Por medio desta cédula notificáse aos denunciados, cuxos datos e último enderezo coñecido que se sinalan no anexo, as denuncias que se formularon contra eles. Por este motivo iniciáronse, cos números que se indican, os correspondentes expedientes sancionadores que poden dar lugar ás sancións que tamén se citan.

Fáiselles saber o dereito que os asiste de alegar por escrito ante o Servizo Provincial de Transportes de Pontevedra o que consideren conveniente, achegando ou propondo as probas que coiden oportunas dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación desta cédula.

Para que conste, lles sirva de notificación aos citados denunciados, e en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula en Pontevedra o 26 de maio de 2009.

José Jorge Martínez Fernández
Instrutor xefe do Servizo Provincial de Transportes de Pontevedra

ANEXO

Expediente Matricula Denunciante	Denunciado Último enderezo coñecido	Feito denunciado Data-Hora-Estrada p.k.	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta
PO-00053-O-2009 2507-GBL G.C. de Tráfico	Luces Vigo, S.L. Zamora, 79-bx 36203 Vigo (Pontevedra)	Realizar transporte de mercadorías co vehículo matrícula 2507-GBL, da titularidade de <i>Banque PSA Finance Sucursal en España</i> en réxime de aluguer sen condutor. Circular co vehículo citado, realizando un transporte de tubo corrugado para instalación eléctrica, non presentando a autorización de transporte por parte do titular do vehículo. Non leva no vehículo a documentación formal que acredita a posibilidade formal e legal de prestar o servizo. Non presenta contrato de arrendamento entre arrendador e arrendatario. Servizo público. O Servizo Provincial de Transportes en Pontevedra comproba á vista do contrato nº 9501528722, que o vehículo se atopaba arrendado o día da denuncia á empresa <i>Luces Vigo, S.L.</i> , comprobándose que a dita empresa carece de tarxeta de transportes de servizo público para o mencionado vehículo. 14-10-2008; 21.20.00; A-55; 4	Art. 17 O.M. 20-7-95 (BOE 2/8) Arts. 47 e 90 LOTT Arts. 41 e 109 ROTT	Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	1.702 euros
PO-00336-O-2009 80-FM-25 G.C. de Tráfico	<i>Bosques do Atlántico, S.L.</i> Pez Volador, 38 28007 (Madrid)	Facilitar unha carga no vehículo 80-FM-25 da titularidade de <i>Transfradelos Transportadora de Carga, Lda.</i> , transportando madeira cun peso total en báscula de 43.700 kg estando autorizado para unha mma de 40.000 kg, o que supón un exceso de peso de 3.700 kg (9,25%). Pesado na báscula oficial modelo Haeni wl-103 nº 2358-2359, ticket nº 1687. Servizo público. 3-12-2008; 18.04.00; AP-9; 170,00	Art. 55 LOTT	Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	1.666 euros
PO-00391-O-2009 3032-DGH G.C. de Tráfico	<i>Transportes y Mudanzas Neno, S.L.</i> Lugar de Novas-Atios, 23 36418 O Porriño (Pontevedra)	Circular co vehículo citado, levando 4 sistemas de aire acondicionado, desde a nave de Vicoso en Vigo á nova nave de Vicoso sita en Salceda de Caselas, sen realizar, presentar ningún albarán ou documento de control. Non presenta os discos que ten a obriga de levar na cabina do vehículo. Presenta só o colocado no aparato tacógrafo. Manifesta que non posúe máis. Servizo público. 6-11-2008; 15.55.00; A-55; 12,100	O.FOM 238/03 31-1 (BOE 13-02). R(CE) 3821/85	Art.143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT Art. 143.1º g) LOTT Art. 201.1º g) ROTT	3.002 euros
PO-00477-O-2009 3394-DPX G.C. de Tráfico	Juan Manuel Cruz Martínez Av. Conde de Bugallal, 1-2º E 36004 (Pontevedra)	Realizar transporte público de mercadorías en vehículo lixeiro, carecendo de autorización. Realiza servizo de repartición de paquetería con albarás da empresa <i>Emialia Urgente</i> . Presenta tarxeta de transportes caducada desde 31 de maio de 2008. Leva distintivos de servizo público no furgón. 17-12-2008; 11.45.00; EP-9206; 2,800	Arts. 47 e 90 LOTT Arts. 41 e 109 ROTT	Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	1.501 euros
PO-00489-O-2009 8490-BZX G.C. de Tráfico	<i>Corsatrans, S.L.</i> Polg. Ind. Rubira Sola, 5 04867 Macael (Almería)	Circular efectuando o transporte de dous camiións en plataforma con matrículas (SG-6259-I e MA-4495-CY), carecendo do correspondente documento de control. Requíreselle e manifesta que non ten nada. Leva instalado un tacógrafo Siemens vdo 1318, ano 2002 nº 4251009 sen ter pasado a inspección periódica bienal. Placa instalación taller autorizado e1-301 <i>Chacón Hermanos Trv, S.L.</i> de 23-9-2006. Carece de autorización administrativa de transportes de servizo público. O Servizo Provincial de Transportes en Pontevedra comproba que o vehículo matrícula 8490-BZX carece de tarxeta de transportes de servizo público. 21-1-2009; 17.00.00; A-52; 278,000	Arts. 47 e 90 LOTT Arts. 41 e 109 ROTT O. FOM 238/03 31-1 (BOE 13-02). R(CE) 3821/85	Art. 143.1º i) LOTT Art. 201.1º i) ROTT Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	7.103 euros Precintado do vehículo
PO-00533-O-2009 4461-FCV G.C. de Tráfico	<i>Minas Del Condado, S.L.</i> Setados. Vide, s/n 36201 As Neves (Pontevedra)	Facilitar un transporte de mercadorías ao vehículo matrícula 4461-FCV e semiremolque R-8103-BCF, da titularidade de <i>Áridos y Transportes M. Crisóstomo, S.L.</i> Circular transportando áridos cun peso total de 42.300 kg, transportando un exceso de peso de 2.300 kg, sobre o mma do vehículo de 40.000 kg, sendo o exceso do 5,75%. Pesado en báscula móbil marca Haeni wl 103, núm. 2358/2359, ticket núm. 1644. Servizo público. 13-11-2008; 18.48.00; N-550; 166,500	Art. 55 LOTT	Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º c) ROTT	381 euros

Expediente Matrícula Denunciante	Denunciado Último endereço coñecido	Feito denunciado Data-Hora-Estrada p.k.	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta
PO-00552-O-2009 S-7868-AM G.C. de Tráfico	Santiago Campo Torre Poeta Gerardo Diego, 24-1º 39008 Santander (Cantabria)	Levar inserida unha folla de rexistro sen anotar o nome e apelido do condutor. Figura data 24-1-2009. Servizo público. 23-1-2009; 18.10.00; AG-41; 0,0	R(CE) 3821/85	Art. 143.1º h) LOTT Art. 201.1º h) ROTT	3.301 euros
PO-00552-O-2009 4005-BRH G.C. de Tráfico	Mario Vargas Ramírez Prosperidad, 1-P02 La Mula (Murcia)	Circular carecendo dos discos diagrama de tacógrafo e dos documentos impresos obrigatorios de levar no vehículo dos seus tempos de condución e descanso. Manifesta ter os discos noutro vehículo da empresa para a que traballa. Só presenta discos días 18/19 e 19-1-2009 e non presenta certificados de actividades. Servizo público. O Servizo Provincial de Transportes a través das actuacións realizadas comproba que a empresa/ou persoa física que utiliza o vehículo é Mario Vargas Ramírez, sendo este ante a Garda Civil de Tráfico, o que asume a titularidade do vehículo aínda que non o xustifique documentalmente e quen contrata coa empresa onde traballa o condutor Ramón Triguero Perales, os seus servizos para o traslado dos vehículos que se transportan desde Murcia ao Porto de Vigo. 19-1-2009; 14.00.00; A-55; 11,00	R(CE) 3821/85	Art. 143.1º g) LOTT Art. 201.1º g) ROTT	2.001 euros
PO-00585-O-2009 8490-BZX G.C. de Tráfico	<i>Corsatrans, S.L.</i> Pol. Ind. Rubira Sola, 5 04867 Macael (Almería)	Circular transportando dúas cabezas tractoras, en vehículo conducido por condutor dun país terceiro (Ecuador) carecendo do preceptivo certificado de condutor. Servizo público. 21-1-2009; 17.00.00; A-52; 278	Art. 1 O. FOM 3399 20-12-02 (BOE 9-1-03)	Art. 143.1º e) LOTT Art. 201.1º e) ROTT	1.001 euros
PO-00625-O-2009 27-BJ-12 G.C. de Tráfico	<i>Bosques do Atlántico, S.L.</i> Pez Volador, 38 28007 (Madrid)	Facilitar unha carga de madeira no vehículo 27-BJ-12 da titularidade de Serração Progreso de Portugal, cun peso total en báscula de 42.800 kg, estando autorizado para mma de 40.000 kg, o que supón un exceso de peso de 2.800 kg (7,00%). Pesado na báscula oficial Haenni wl-103 nº 2358-2359, ticket núm. 1771. Servizo público. 9-2-2009; 12.07.00; A-55; 30,800	Art. 55 LOTT	Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	1.501 euros
PO-00732-O-2009 7018-CKN G.C. de Tráfico	<i>Arousa Disbebo, S.L.</i> Torre, s/n 36626 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	Circular transportando diversas bebidas, refrescos, auga, gasosa, realizando repartición, non acreditando a relación laboral coa empresa titular do vehículo. Servizo privado. 27-11-2008; 12.15.00; 8,500	Art. 102.3º LOTT Art. 157 ROTT	Art. 143.1º f) LOTT Art. 201.1º f) ROTT	1.501 euros

Cédula do 30 de xuño de 2009, do Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, pola que se notifica a citación para acudir ao levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola expropiación, polo trámite de urxencia, para as obras do proxecto modificado número 1 da nova estrada ponte da Illa de Arousa-Xufre, provincia de Pontevedra, clave N/PO/97.20.M1, termo municipal da Illa de Arousa.

Por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas, por delegación da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes do 16 de xaneiro de 2009 apróbase o proxecto modificado nº 1 da nova estrada Ponte Illa de Arousa-Xufre, de clave N/PO/97.20M1, e ordénase a este Servizo de Estradas a incoación do expediente de expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados polas obras de execución do proxecto aprobado.

A Xunta de Galicia procedeu a declarar a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para as mencionadas obras mediante Decreto 315/2004, do 22 de decembro, publicado no DOG nº 2 do 4 de xaneiro de 2005. A tramitación do correspondente expediente expropiatorio axustárase, por tanto, ao procedemento de urxencia previsto no artigo 52 da vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 e

concordantes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia este servizo, facendo uso das facultades que lle outorga o artigo 98 da Lei de expropiación forzosa e atendendo ao sinalado nas regras segunda e terceira do seu artigo 52 e concordantes do regulamento para a súa aplicación, mediante Resolución do 5 de xuño de 2009, convocou os propietarios dos bens e dereitos afectados para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación.

O aboamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lle serán facilitados nas dependencias deste departamento territorial. De non efectuarse o ingreso, procederase á exacción da débeda pola vía de constrinximento.

Expediente: LU-61/2008.

Denunciado: Alejandro Pardeiro Casabella.

Establecemento: café bar Primeira Toma.

Enderezo: rúa Ramón Farre número 4.

Localidade: Burela.

Feito denunciado: carecer de documentación turística.

Precepto infrinxido: artigo 16.5º da Lei 10/2004.

Tipificación da infracción: artigo 86.2º da Lei 10/2004.

Cualificación: leve.

Sanción: apercibimento.

Resolución: 22 de maio de 2009.

Lugo, 18 de xuño de 2009.

Xosé Anxo Madarro Río
Xefe territorial de Lugo

Cédula do 18 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, pola que se notifica a resolución do 22 de maio de 2009 ditada no expediente sancionador de Lugo LU-57/2008, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE 12, do 14 de xaneiro), notifícaselle ao interesado que a seguir se relaciona a resolución do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo de Lugo ditada no expediente sancionador en materia de turismo número LU-57/2008, incoado ao titular do establecemento de café-bar denominado A Lúa, situado na avenida Arcadio Pardiñas nº 161 do concello de Burela (Lugo), xa que intentada a notificación polos medios habituais non puido practicarse.

Esta resolución non esgota a vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Cultura e Turismo no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

De non ter presentado recurso no devandito prazo, a sanción devirá firme, debendo aboar o importe da multa nos seguintes prazos: a) publicación entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data da publicación ata o día 5 do mes seguinte ou inmediatamente hábil posterior, b) publicación entre os días 16 e último de cada mes, desde a data da publicación ata o día 20 do mes seguinte ou inmediatamente hábil posterior.

O pagamento realizarase por transferencia bancaria mediante os impresos formalizados que lle serán facilitados nas dependencias desta delegación provincial. De non efectuarse o ingreso, procederase á exacción da débeda pola vía de constrinximento.

Expediente: LU-57/2008.

Denunciado: Antonio Fernández Novoa.

Establecemento: café-bar A Lúa.

Enderezo: avda. Arcadio Pardiñas número 161.

Localidade: Burela.

Feitos denunciados: non comunicar cambio de titularidade e expedir facturar sen os requisitos legalmente establecidos.

Preceptos infrinxidos: artigos 16.1º e 16.6º da Lei 10/2004.

Tipificación da infracción: artigos 86.3º e 86.4º da Lei 10/2004.

Cualificación: leve.

Sanción: 400 €.

Resolución: 22 de maio de 2009.

Lugo, 18 de xuño de 2009.

Xosé Anxo Madarro Río
Xefe do Departamento Territorial de Lugo

Cédula do 22 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica o requirimento de documentación, devolto polo servizo de correos. (Expediente 984E 2009/3-3).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27 de decembro), notifícase á persoa que no anexo se menciona que, examinado o expediente de autorización de apertura dun establecemento de turismo rural e comprobando que falta a documentación preceptiva ao abeiro do Decreto 191/2004, do 29 de xullo, de establecementos de turismo rural, requíreselle para que no prazo de 10 días contados dende o seguinte á data de publicación desta cédula, compareza persoalmente ou debidamente representado no Departamento Territorial de Cultura e Turismo en Ourense, Servizo de Turismo (rúa Curros Enríquez 1-3ª planta) advertíndolle que, de non facelo así, terase por notificado cos efectos que correspondan.

Ourense, 22 de xuño de 2009.

José Antonio García Rodríguez
Xefe do Departamento Territorial de Ourense

ANEXO

Expediente 984E 2009/3-3.
Titular: Mª de los Ángeles Fernández Pazos.
Establecemento: Alpargateiro.
Localización: Os Peares, Nogueira de Ramuín.

Cédula do 22 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Ourense, pola que se notifica a incoación do expediente sancionador OU-S-018/2009, do 3 de abril, por infracción leve en materia de turismo.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27 de decembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE número 12, do 1 de xaneiro) notifícase á persoa que a continuación se relaciona a incoación do expediente sancionador número OU-S-18/2009, xa que, intentada polos medios habituais, non se puido practicar.

Advírteselle ao titular do establecemento denunciado que, de conformidade co artigo 13.2º do Real decreto 1398/1993, para o caso de non efectuar alegacións no prazo de quince días, e tendo en conta que o dito acordo contén un pronunciamento

preciso sobre a responsabilidade que se lle imputa, poderá ser considerado como proposta de resolución.

Expediente: OU-S-018/2009.

Titular sancionado: José Gómez Parejo.

Establecemento: Casa José.

Domicilio: Quintas de Soutomaio.

Localidade: Taboadela.

Incoación: 3 de abril de 2009.

Precepto infrinxido: artigo 69.a.3 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia.

Sanción: douscentos euros (200 €), sen prexuízo do que poida resultar na fase instrutora.

Ourense, 22 de xuño de 2009.

José Antonio García Rodríguez
Xefe do Departamento Territorial de Ourense

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Cédula do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se notifica o acordo de levantamento da paralización do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social 2005/0028-0.

Intentadas as notificacións persoais e devoltas polo servizo de correos por resultar imposible a súa práctica, de conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, pola presente cédula notifícase ás empresas relacionadas no anexo o acordo de levantamento da paralización no expediente sancionador en materia de seguridade e saúde laboral.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Empresa 1: *Construnor y obras 2000, S.L.*
Enderezo 1: r/ Vigo, 22-24, 1º C, 15407 Narón (A Coruña).
Empresa 2: *Benjamín Roca Jove y otro, S.C.*
Enderezo 2: Barrio da Gándara, r/ Pardo Bazán, 5, 2º, 15407 Narón (A Coruña).
Nº expte.: 2005/0028-0.
Acta de infracción: 1100/2005/1/H.

Data do acordo de levantamento da paralización: 2-6-2009.

Acordo: acorda levantar a paralización do expediente administrativo 2005/0028-0 derivado da acta de infracción número 1100/2005/1/H, ao ter recaído sentenza firme relativa aos mesmos feitos que os descritos na acta de infracción, e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, comunícaselle que con data 3-6-2009 se solicita informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social, polo que conforme ao establecido no artigo 83.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, interrómpeuse o prazo dos trámites sucesivos.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 17 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se lles notifica aos afectados que resultaron descoñecidos, se ignora o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puido practicar, a Resolución do 23 de marzo de 2009, do director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de modificación do acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo (Cotobade-Pontevedra).

De conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, notifícaselles aos afectados que resultaron descoñecidos e aos da relación que se achega (por ignorarse o lugar de notificación ou, intentada esta, non se poder practicar) na concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo, declarada de utilidade pública e urxente execución polo Decreto 193/1993, o seguinte:

Primeiro.-Con data do 22-11-1999, o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, aprobou o acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo e por Resolución do 23 de marzo de 2009 modifícase o acordo de concentración parcelaria, pendente de firmeza.

Segundo.-A resolución de modificación do acordo de concentración estará exposta ao público no edificio da Xunta de Galicia en Pontevedra, no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, durante o prazo de interposición de recursos.

Terceiro.-Os documentos que se poden examinar no citado edificio da Xunta refírense á resolución de modificación.

Cuarto.-Contra a resolución, os interesados que figuran na relación anexa e os que resultaron descoñecidos poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro do Medio Rural, dentro do prazo de 30 días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Os recorrentes poden presentar os recursos no rexistro do Departamento Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, sito na rúa Fernández Ladreda, 43, de Pontevedra, no rexistro xeral da consellería, sito no edificio administrativo de San Caetano, s/n, de Santiago de Compostela, ou en calquera das dependencias a que fai referencia o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por si mesmos ou por representación.

Pontevedra, 17 de xuño de 2009.

Gerardo Zugasti Enrique
Xefe territorial de Pontevedra

ANEXO

Nº propietario	Propietario
	Eligio Fernández Garrido
192	María Pilar Núñez Lamas
337	Clotilde Laredo Fernández
764	José Manuel Villa Vidal

Resolución do 19 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se lles notifica aos afectados que resultaron descoñecidos, se ignora o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puido practicar, a Resolución do 28 de abril de 2009, do director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, de modificación do acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo (Cotobade-Pontevedra).

De conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, notifícaselles aos afectados que resultaron descoñecidos e ás da relación que se achega (por ignorarse o lugar de notificación ou, intentada esta, non poderse practicar) na concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo (Cotobade-Pontevedra), declarada de utilidade

pública e urxente execución polo Decreto 193/1993, o seguinte:

Primeiro.-Con data do 22-11-1999, o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, aprobou o acordo de concentración parcelaria da zona de Carballedo-Rebordelo e por Resolución do 28 de abril de 2009 modifícase o acordo de concentración parcelaria, pendente de firmeza.

Segundo.-A resolución de modificación do acordo de concentración estará exposta ao público no edificio da Xunta de Galicia en Pontevedra e no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, durante o prazo de interposición de recursos.

Terceiro.-Os documentos que se poden examinar no citado edificio da Xunta refrense á resolución de modificación.

Cuarto.-Contra a resolución, as interesadas que figuran na relación anexa e os que resultaron descoñecidos poderán interpor recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural, dentro do prazo de 30 días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Os recorrentes poden presentar os recursos no Rexistro do Departamento Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, sito na rúa Fernández Ladreda, 43, de Pontevedra, no rexistro xeral da consellería, sito no edificio administrativo de San Caetano, s/n, de Santiago de Compostela, ou en calquera das dependencias a que fai referencia o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, por si mesmos ou por representación.

Pontevedra, 19 de xuño de 2009.

Gerardo Zugasti Enrique
Xefe territorial de Pontevedra

ANEXO

Nº propietaria	Propietaria
623	María del Carmen Toubes Barca
57	Emilia Bouzas Vidal
854	Mª Luz Méndez Otero

Edicto do 15 de xuño de 2009, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, polo que se dá publicidade ao acordo de inicio do expediente 407 de clasificación do monte Cadeiras e Miñarzo, da parroquia de Lariño do concello de Carnota.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, en sesión que

tivo lugar o día 24 de outubro de 2008, acordou iniciar a tramitación do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte cuxas características se indican a continuación:

Expediente: 407.

Monte: Cadeiras e Miñarzo.

Parroquia: Lariño (San Martiño).

Concello: Carnota.

Superficie: 254,7175 ha.

Lindeiros: segundo o informe técnico do xefe da Área Técnica de Montes Veciñais en Man Común do 31-3-2009 que consta no expediente, o monte solicitado é a parte que queda do monte Cadeiras, Miñarzo e outros (CUP número 364), cuxo deslindamento total foi aprobado por Orde ministerial do 18-5-1965 (BOP do 30-6-1968) e as súas estremas son:

Norte: do chanto 219 do deslindamento do monte Cadeiras, Miñarzo e outros, CUP número 364, ao 243, con propiedades particulares e monte de Silveira dos veciños de Lariño; do chanto 243 ao 16 co monte veciñal en man común Lira (expediente 232), consonte a definición da estrema sur definida na súa resolución.

Leste: do chanto 16 do dito deslindamento do monte Cadeiras, Miñarzo e outros ao chanto 18 do monte veciñal en man común de Naraio e Tixia (expediente 202), no termo municipal de Muros.

Sur: do chanto 18 do deslindamento do monte Cadeiras, Miñarzo e outros ao chanto 30 segue estremando co monte veciñal en man común de Naraio e Tixia (expediente 202), no termo municipal de Muros.

Oeste: do chanto 30 do deslindamento do monte Cadeiras, Miñarzo e outros con predios de gándara ata a inserción co rego Rodeiro, entre os cantos 66 e 67; segue a orde de cantos e linda con predios de Lariño ata o chanto 125, bordea o Agro da Costa ata o 136 e continúa seguindo a orde de cantos ata o 219, deixa sempre á esquerda propiedades de Lariño.

En virtude do acordado polo xurado, conforme o disposto na Lei de montes veciñais en man común do 10 de outubro de 1989 e demais disposicións de aplicación, por medio deste edicto faise pública a iniciación da tramitación do expediente indicado co obxecto de que, de acordo co previsto no artigo 23 do Regulamento do 4 de setembro de 1992, de desenvolvemento da precitada lei, cantas persoas, organismos ou corporacións resulten interesadas poidan comparecer e intervir no expediente e formular perante este xurado no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*, cantas alegacións coiden oportunas na defensa dos dereitos que crean que os asisten en

relación co monte, achegando, se é o caso, a documentación que consideren conveniente ao respecto.

A Coruña, 15 de xuño de 2009.

Augusto J. Pérez-Cepeda Vila
Instrutor

Visto e prace

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da Coruña

Anuncio do 12 de xuño de 2009, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se empra a interesado para ser notificado por comparecencia no expediente INC-CO-0161-2007.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico-Administrativo do Departamento Territorial do Medio Rural, sita na praza de Luís Seoane s/n, edificio administrativo Monelos, 3º andar, ala sur (A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

A Coruña, 12 de xuño de 2009.

Enrique Luis de Salvador Sánchez
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: INC-CO-0161-2007.

Denunciado: Julio Martínez Regueiro.

Acto de notificación: reinicio do procedemento sancionador INC-CO-0161-2007.

Anuncio do 17 de xuño de 2009, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador INC.LU-0062/2008-LSA.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de ser intentada a notificación persoal en dúas ocasións, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo delegado provincial.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico-Administrativo da Delegación Provincial en Lugo da Consellería do Medio Rural, sita na Rolda da Muralla, nº 70.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Lugo, 17 de xuño de 2009.

Ramón Carballo Páez
Xefe territorial de Lugo

ANEXO

Expediente: INC.LU 0062/2008-LSA.

Interesado: José Luis Rego Varela.

Acto notificado: resolución.

CONSELLERÍA DO MAR

Cédula do 19 de xuño de 2009, da Delegación Comarcal de Pontevedra, pola que se fai pública a notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2009/000186-5.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE número 285, do 27 de novembro), notifícaselle á persoa que a continuación se indica a incoación do expediente instruído por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG número 162, do 20 de agosto).

O interesado dispón dun prazo de quince días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto para presentar ante a delegación comarcal as alegacións que estime pertinentes.

O expediente está á disposición do interesado na citada Delegación Comarcal de Pontevedra, Fernández Ladreda, 43, 2ª planta.

Número de expediente: PESAN1 2009/000186-5.

Denunciado: Simón Solla Iglesias.

DNI: 77412365-T.

Enderezo: Lugar Rial, A Digna, 11, Sanxenxo.

Pontevedra, 19 de xuño de 2009.

José Luis Meijueiro Tilve
Delegado comarcal de Pontevedra

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Cédula do 26 de xuño de 2009, do Servizo de Inspección Urbanística II, pola que se notifica a proposta de resolución do expediente sancionador por infracción urbanística, derivada do expediente 107 C 2008/7-0, devolta polo servizo de correos por resultar caducada en lista.

A instrutora do Servizo de Inspección Urbanística II notificoulle a Gonzalo Graña Campelo a proposta de resolución de expediente sancionador por infracción urbanística 107 C 2008/7-0, do 3 de xuño de 2009, polas obras consistentes na construción dunha edificación para uso residencial con dous corpos diferenciados: un de planta baixa con cuberta a dúas augas e un pórtico de entrada e outro de planta baixa e primeira con cuberta a catro augas cunha superficie total construída de 290 m², no lugar de Moledo-Ardán, no termo municipal de Marín.

Ao non se poder realizar a notificación persoal daquel acordo, mediante esta cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícase-lle ao interesado o devandito acordo.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber ao interesado que o texto íntegro do acordo que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sitas no edificio Witland, Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

O interesado disporá dun prazo de quince (15) días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e informacións que xulgue pertinentes.

Para que conste e lle sirva de notificación ao citado interesado en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade
Urbanística

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de xuño de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, pola que se anuncia a desistencia do procedemento de adxudicación da contratación do lote 8 colchóns, incluído no expediente de contratación AB-CHC1-09-009 que ten por obxecto a subministración de vestiario e colchóns para o complexo hospitalario, anunciado por Resolución do 14 de maio de 2009 deste complexo hospitalario (Diario Oficial de Galicia número 102, do 27 de maio), e pola que se anuncia continuar co procedemento de adxudicación do citado expediente respecto do resto dos lotes.

En cumprimento da legalidade vixente anúnciase a desistencia do procedemento de adxudicación da contratación do lote 8 Colchóns, incluído no expediente de contratación AB-CHC1-09-009 que ten por obxecto a subministración de vestiario e colchóns para o complexo hospitalario, anunciado por Resolución do 14 de maio de 2009 deste complexo hospitalario (DOG nº 102, do 27 de maio), e pola que se anuncia continuar co procedemento de adxudicación do citado expediente respecto do resto dos lotes, por razóns de eficacia e economía procesal.

A Coruña, 30 de xuño de 2009.

Alfredo García Iglesias
Director xerente do Complexo Hospitalario
Universitario da Coruña

Resolución do 3 de xullo de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por M^a Elisa Pires Lorenzo.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo tramítase o recurso 240/2009 (procedemento abreviado), interposto por M^a Elisa Pires Lorenzo, contra a resolución da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde pola que se desestima o recurso de alzada formulado contra a denegación da súa petición de ser retirada das listaxes de curta duración (categoría: celador, área de Vigo).

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer no xulgado como demandadas no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2009.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ABEGONDO

Edicto.

En cumprimento do disposto no número 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente que se tramita por solicitude de Darío Fernández Vales para a concesión de licenza de apertura e funcionamento segundo a documentación presentada, con rexistro de entrada neste concello número 1159, do 14 de maio de 2009, en solicitude de licenza de obra para reforma, ampliación y legalización de naves de almacenaxe e rexistro de entrada neste concello número 1160, do 14 de maio de 2009, en solicitude de licenza para apertura e funcionamento dun almacén de gran de millo e centeo, segundo os proxectos redactados polo enxeñeiro técnico agrícola José Ángel Veiga Dopico, colexiado nº 1.171 e visado co nº 627/09 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña-Pontevedra, anexo ao proxecto de reforma, ampliación e legalización de naves de almacenaxe (obra e actividade) presentado o 2 de xuño de 2009, rexistro de entrada neste concello 1318, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ángel Veiga Dopico, colexiado nº 1.171, e visado co nº 627/09 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas da Coruña-Pontevedra, situado no lugar de Cuntris, parroquia de Mabegondo deste término municipal, segundo informe do arquitecto Manuel Cortón Muínelo, colexiado nº 1224, que presta servizos neste concello, do 9 de xuño de 2009, a parcela sitúase no lugar de Borreiros, parroquia de Mabegondo, no catastro parcela 637, polígono 508. Durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP da Coruña e no *Diario Oficial de Galicia*, o expediente encóntrase á disposición do público nas oficinas municipais co fin de que aquel que se considere afectado pola actividade poida examinalo e deducir, se é o caso, as alegacións ou observacións que teña por conveniente.

Ante a eventualidade de que poida ignorarse o lugar de notificación dalgún titular catastral, ou que intentada esta non se puidese facer, sirva este anuncio de notificación coa finalidade e alcance que establece o artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para notificárllelo aos seguintes titulares:

Pedro Varela Lozano.

Cristina Etcheverría de la Muela.

Abegondo, 15 de xuño de 2009.

José A. Santiso Miramontes
Alcalde

CONCELLO DE BAIONA

Edicto.

Miguel Ángel Castro Iglesias solicitou desta alcaldía licenza municipal para a actividade de oficina de vendas de piscinas que se situará na avda. de Monterreal, 13 baixo-36300 Baiona, en cumprimento do disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, polo que se somete a información pública por período de 20 días hábiles, co fin de que durante este prazo, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no *Diario Oficial de Galicia*, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se coiden oportunas.

Baiona, 22 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Almuíña
Alcalde-presidente

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

Edicto.

Solicitando desta Alcaldía Guillermo Cores Rodríguez licenza municipal para acondicionamento de local para café-concerto, para situar na avda. Castelao nº 47, baixo, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este período, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na Secretaría de este Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

Illa de Arousa, 15 de xuño de 2009.

José Manuel Vázquez Vázquez
Alcalde

Edicto.

Solicitando desta Alcaldía Lucinda Diz Besada, en representación de *Benalua, S.A.*, licenza municipal

para acondicionamento de local para café-bar, para situar na praza do Regueiro nº 18, baixo, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este período, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

Illa de Arousa, 15 de xuño de 2009.

José Manuel Vázquez Vázquez
Alcalde

Edicto.

Solicitando desta Alcaldía Lucinda Diz Besada, en representación de *Benlua, S.A.*, licenza municipal para acondicionamento de local para pub, para situar na praza do Regueiro nº 18, baixo, A Illa de Arousa, cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este período, que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG, poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que coiden oportunas.

A Illa de Arousa, 15 de xuño de 2009.

José Manuel Vázquez Vázquez
Alcalde

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Anuncio da aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para tanatorio-crematorio en San Amaro.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar o 22 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Prestar aprobación definitiva ao Plan especial de infraestruturas e dotacións presentado xunto ao proxecto para a autorización previa á licen-

za de obras para construción de edificación con destino a tanatorio-crematorio situado en San Amaro, formulado mediante iniciativa pola entidade mercantil Sempsa (*Servicios de Empresas Mortuorias Pontevedresas, Sociedade Anónima*), con CIF: A-36049666, instrumento urbanístico refundido redactado polo arquitecto Enrique Barreiro Álvarez con visado colexial de 15-10-2008 e documento de valoración económica da parcela propiedade de *General de Edificios y Solares, S.L.*, da mesma autoría e visado colexial do 24 de marzo de 2009 proxecto que conta con informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 13 de febreiro de 2009, cuxas determinacións son de obrigado cumprimento, ao igual que os condicionamentos contidos nos informes sectoriais que se relacionan na parte expositiva, emitidos polas direccións xerais de Calidade e Avaliación Ambiental e Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, e pola Xefatura da Área de Autorizacións e Concesións de Augas de Galicia, que se integran no contido do PEID como parte deste.

Segundo.-Notificar o acto administrativo á mercantil Sempsa (*Servicios de Empresas Mortuorias Pontevedresas, Sociedade Anónima*), a Florentino Fernández Portela, ao Grupo Unión Fenosa, a *General de Edificios y Solares, S.L.*, e demais persoas e organismos interesados que existiren co ofrecemento do réxime procedente de recursos.

Terceiro.-Dispoñer a publicación do anuncio do acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, e a publicación do documento que conteña a normativa e as ordenanzas no BOP para lograr a súa eficacia e executividade, de acordo co establecido no artigo 92 da LOUG e co establecido na lexislación de réxime local, concretamente artigos 70.2º e 65 LBRL, coa remisión previa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, dunha copia autenticada de dous exemplares do proxecto aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integren debidamente dilixenciados.

Cuarto.-Advertir á mercantil Sempsa, consonte os compromisos adquiridos, que será pola súa conta o custo íntegro dos gastos de publicación e tramitación do expediente de expropiación forzosa ou avinza para adquisición da superficie de 434,72 m² necesaria para a ampliación da vía de acceso á futura dotación, consonte as determinacións do PEID que se aproba, debendo depositar na Tesourería municipal, ou na conta que determine o Concello, a contía resultante da actualización da fixación do prezo xusto da referida superficie para incrementar o crédito da partida a determinar do orzamento prorrogado de 2008, co fin de que o Concello poida contar con dotación orzamentaria necesaria para afrontar a incoación e tramitación do expediente expropiatorio e sempre con anterioridade ao inicio deste. Así mesmo, asumirá os posibles maiores custos na determinación do prezo xusto como consecuencia das alegacións e recursos que se poidan

presentar fronte á valoración e que sexan estimadas polo Concello, Xurado de Expropiación ou tribunais de Xustiza, constituíndo, se é o caso, a fianza que poida determinar o Concello para tales fins. Ademais, consonte o artigo 74 da LOUG, vén obrigada a prestar as garantías do exacto cumprimento dos deberes de execución do plan, por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes, así como, se for o caso, as obras de ampliación e reforzo necesarias, no prazo de tres meses contados desde a aprobación definitiva do proxecto de urbanización ou, do 100% do custo estimado e con carácter previo á tramitación de se pretender edificación e urbanización simultánea.

Faise constar que con data do 1 de xuño de 2009 tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a documentación referida no número 3º do artigo 92 da Lei 9/2002.

O que se fai público, a salvo dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta, en cumprimento do ordenado e para os oportunos efectos.

Contra este acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

Pontevedra, 3 de xuño de 2009.

Miguel Anxo Fernández Flores
Alcalde

José Luis Mato Rodríguez
Secretario xeral do Pleno

CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

Edicto.

Manuel Benito Vázquez Pardo, que representa a *Frutas Mavaz, S.L.U.*, solicitou neste concello licenza municipal de apertura dun establecemento dedicado á comercialización por xunto de froitas e verduras na estrada nacional 525, marxe dereita, Pq. 230,700 da zona comercial Barreiros deste concello, e de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo prazo de vinte días, mediante edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP e exposición no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante

o prazo de exposición ao público, que empezará a contar desde a última publicación, se poida examinar o expediente na secretaría deste concello, en horario de oficina.

San Cibrao das Viñas, 17 de xuño de 2009.

Elisa Nogueira Méndez
Alcaldesa

Edicto.

Amando Iglesias Vázquez, que representa a *Cibrauto, S.A.* e *Cibraocar, S.L.*, solicitou neste concello licenza municipal de apertura das ampliacións dun establecemento dedicado a concesionario de automóbiles (exposición, venda e reparación de vehículos) nunha nave situada na estrada nacional 525, p.k. 230,7 marxe esquerda da zona comercial Barreiros, deste concello, e de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo prazo de vinte días, mediante edictos no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP e exposición no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de exposición ao público, que empezará a contar desde a última publicación, se poida examinar o expediente na secretaría deste concello, en horario de oficina.

San Cibrao das Viñas, 29 de xuño de 2009.

José Méndez Grande
Alcalde en funcións

CONCELLO DE TOURO

Edicto.

Fernando Tarrío Martínez, en representación de *Sociedade Gandertía Sar, SAT nº 1388 XUGA*, solicitou desta alcaldía licenza municipal para estabulación para vacas de leite e anexos, no lugar chamado Toxido, en Sar, na parroquia de Bama, no termo municipal de Touro.

Cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante este (que comenará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG) poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular, por escrito, as

reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Touro, 15 de xuño de 2009.

Ignacio Codesido Barreiro
Alcalde

Edicto.

María Luisa Iglesias Mosquera solicitou desta alcaldía licenza municipal para ampliación de explotación de vacún de carne, no lugar dos Bravos na parroquia de Loxo, no termo municipal de Touro.

Cumprindo o disposto no artigo 8.1º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública polo período de vinte días hábiles, co fin de que durante este (que comezará a contar desde o día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP e no DOG) poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Touro, 15 de xuño de 2009.

Ignacio Codesido Barreiro
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

Anuncio de convocatoria de prazas de persoal laboral fixo.

A Autoridade Portuaria de Vigo convoca probas, mediante concurso de méritos, para cubrir as prazas resultantes da oferta de emprego público correspondentes ao ano 2009, son as seguintes:

4 prazas de policía portuario, grupo III, banda II, nivel 3.

1 praza de servizo soporte (reserva discapacidade psíquica) grupo III, banda III, nivel 2.

1 praza de servizo soporte, grupo III, banda III, nivel 2.

A presentación de solicitudes realizarase no rexistro da Autoridade Portuaria de Vigo, situado nas oficinas centrais na praza da Estrela nº 1, no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, das 9.00 ás 14.00 horas. Se

a devandita data coincide en sábado, domingo ou festivo, o prazo finalizará o seguinte día hábil.

Vigo, 1 de xullo de 2009.

Corina Porro Martínez
Presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo

MONTE CANCELAS, S. COOP. GALEGA

Anuncio.

Monte Cancelas, S. Coop. Galega (en liquidación), CIF: F-15897770.

A asemblea xeral celebrada o 19-6-2009 aprobou o balance final de liquidación.

Total pasivo: 0 euros.

Total activo: 0 euros.

Resulta improcedente a aprobación dun proxecto de distribución do activo sobrante.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Alejandro Víctor Gómez Soler	Javier Ares Amil	José Antonio Vázquez Costa
---------------------------------	---------------------	-------------------------------

Socios liquidadores

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

Convocatoria de concurso para a construción do vaso I do vertedoiro de residuos non perigosos situado en Areosa, concello de Cerceda (NC0012/2009).

-Data límite para a presentación das ofertas: 31 de xullo de 2009, ás 13.00 horas.

-Data de apertura das ofertas: 12 de agosto de 2009, ás 11.00 horas.

-O prego do concurso poderase retirar a partir desta data en:

*Plataforma de contratación pública de Galicia www.contratosdegalicia.es.

*www.sogama.es, epígrafe Perfil do contratante.

**Copy Nino*; rúa Os Feáns nº 19, Santiago de Compostela. Tfno: 981 58 89 38.

-A entrega das ofertas realizarase no seguinte enderezo: Sogama; Morzós 10 (As Encrobas), 15187 Cerceda (A Coruña). Tfno: 981 69 85 00.

-O custo deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Cerceda, 7 de xullo de 2009.

Luis Lamas Novo
Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente